



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN E CREACION DA BOLSA DE TRABALLADORES DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE 2019.**

**1. OBXECTO.-**

É obxecto destas bases regular o procedemento para a selección de traballadores desempregados, para a súa contratación en réxime de contratación de carácter temporal, conforme ás Bases do Programa de Integración Laboral (BPIL) mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes.

O número de traballadores, a contratar será o que se indica a continuación, de conformidade co disposto nas bases:

- **4 oficiais segunda albaneis, por un prazo de cinco meses dende a sinatura do contrato.**
- **Tipo de contrato de obra o servizo determinado a xornada completa.**
- **Retribución: 1.153, 24 € brutos/mes, incluída a p.p extraordinaria.**

O programa a desenrolar por esta brigada será:

- A realización de tarefas en áreas que actualmente se atopan en abandono para a súa posta en disposición do uso público municipal.
- A realización de tarefas de retirada de residuos en lugares e vías públicos e recuperación e posta en valor dos mesmos.

**SEGUNDA. CONTIDO MÍNIMO DAS BASES ESPECÍFICAS.**

As bases específicas haberán de regular os aspectos particulares do proceso de selección atendendo ás peculiaridades das prazas a que se refiran, de acordo cos criterios contidos nestas bases xerais, que só poderán modificarse por resolución motivada fundada en concretas especialidades da praza de que se trate.

As bases específicas recollerán, como un mínimo, os seguintes contidos:

- 1º.- Denominación da praza.
- 2º.- Escala, subescala, clase, rama ou especialidade e demais características propias das prazas.
- 3º.- Grupo de titulación.
- 4º.- Sistema selectivo elixido.
- 5º.- Requisitos titulacións e outras condicións específicas que han de reunir los aspirantes.
- 6º.- Determinación das probas que deben superar os aspirantes, con indicación do seu carácter obrigatorio ou voluntario, eliminatorio ou non eliminatorio, que se axustarán ó seguinte esquema:

- Probas teóricas, que versarán sobre o temario de materias comúns a cada grupo de titulación e sobre as materias de carácter específico relacionadas coa praza obxecto da convocatoria. Poderán consistir nun único exercicio relativo a ambos grupos de materiais ou nun ou máis para cada parte do programa.

As bases haberán de determinar a modalidade de exercicio elixida, as normas específicas da súa realización e demais cuestións relacionadas co seu desenvolvemento, así como a posibilidade de lectura ou exposición pública.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

- Probas prácticas, con indicación do tipo de proba, modo e tempo de realización, sistema de puntuación, así como calquera outra peculiaridade relativa á súa execución.

Nos casos en que a realización das probas así o requira, as bases poderán determinar os medios materiais dos que deberán acudir provistos os aspirantes para a realización das probas

7º.- Programa temario de materias específicas, de acordo co número de temas e coa distribución destes entre materias específicas contidas nestas bases xerais.

### TERCERA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para optar ás prazas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo para a presentación de instancias:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ou demais estranxeiros residentes legalmente en territorio español, de acordo co establecido no artigo 10 da leu orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e no exceder , no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título que se sinala nas Bases da Convocatoria, ou en condicións de obtelo na data sinalada.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impada o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada ( ou na declaración da instancia adxunta ás presentes Bases).
- e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada ( ou na declaración da Instancia adxunta ás presentes Bases)
- f) Non se achar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente.
- g) Deberán ser demandantes de emprego que estean inscritos como desempregados no Servizo Público de Emprego de Galicia.**
- h) Segundo os destinatarios aos que vai dirixido o programa e conforme ao establecido no apartado 2.1 das BPIL se debe reunir ao menos un dos seguintes requisitos:
  - Mulleres, ao ter un diferencial índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes
  - Maiores de 45 anos
  - Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos coma demandantes de emprego.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

- 
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%
  - Persoas en situación de drogo dependencia.
  - Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
  - Persoas que vivan nun fogar monoparental/monomarental.
  - Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
  - Persoas vítimas de violencia de xénero.
  - Persoas sen fogar.

Tales requisitos haberán de manterse na data en que a Alcaldía-Presidencia, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 41.13 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dite Resolución acordando a contratación de acordo coa orde de seleccionados establecido polo Tribunal seleccionador e se asine o contrato de traballo.

### **CUARTA. SOLICITUDES.**

4.1.- Quenes desexen tomar partes nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia adxunta ás presentes bases. As instancias dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Ponteceso, presentándose no Rexistro xeral do Concello, en horas de oficina durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte anuncio de convocatoria nun diario de maior tirada na provincia, no taboleiro de anuncios e na web do Concello [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal). En todo caso, a presentación de instancias por calquera dos medios establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **fora do rexistro xeral**, precisarán notificación da solicitude vía fax ao nº 981715028, o mesmo día da súa presentación, así coma o xustificante de presentalo conforme a lexislación vixente por un dos medios establecidos na citada normativa, co fin de que se teña coñecemento por parte do Concello de cantas instancias existen.

4.2.- A instancia acompañarase de:

- Fotocopia do D.N.I (no seu defecto, resguardo do D.N.I ou pasaporte).

Quenes non posúan a nacionalidade española acompañarán á solicitude os seguintes documentos: Os estranxeiros que residan en España, fotocopia compulsadas do correspondentes documentos de identidade ou pasaporte e da tarxeta de residente comunitario ou de familiar residente comunitario en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ou por encontrarse en España en réxime de estancia, deberán presentar fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares das persoas anteriores deberán presentar fotocopia compulsada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resguardo de solicitar a correspondente tarxeta ou do resguardo de solicitar e exención de visado e a correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa da persoa española ou nacional da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo con quen existe



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

un vínculo, que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, de feito de que el ou a aspirante vive a súas expensas ou está a seu cargo.

Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.

- Documentos acreditativos ter rematado favorablemente programas de capacitación.  
Formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas relativos á área de coñecemento da praza á que se presenten.
- Fotocopia do xustificante de ser demandante de emprego.
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2ª D), e) e f) ou, no seu caso declaración contida no Modelo de Instancia adxunto ás presentes Bases (Anexo I). En caso de estar incurso en algunha incompatibilidade, de acordo co establecido **Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, deberase achegar declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións.**
- En cumprimento do establecido na súa normativa específica e a tenor do disposto artigo 19 do R. D. 364/1992, de 26 de marzo, estableceranse para os aspirantes con minusvalías que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas. Asemade, os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación. A tal efecto os Tribunais poderán requirir informe e, no seu caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración Laboral, Sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Sociais.

### DOCUMENTACIÓN.

**Unicamente os aprobados deberán presentar no prazo de dous días hábiles, a contar dende o mesmo día de publicación da listaxe, os documentos autenticados que acrediten cumprir algún dos requisitos esixidos na base 3º.h destas BASES XERAIS.** Os requisitos inescusablemente son os seguintes e xustificaranse como se establece a continuación:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. (Xa quedou xustificando coa presentación do DNI).
- Maiores de 45 anos. (Xa quedou xustificando coa presentación do DNI.)
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. Acreditarase co recoñecemento da discapacidade por parte da Xunta de Galicia.
- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental/monomarental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.  
**Xustificarase con informe do traballador social do Concello onde resida o aspirante.**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

- Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se consideran como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (Xa quedou xustificado coa presentación do xustificantes de ser demandante de emprego).
  - Persoas vítimas de violencia de xénero. **Xustificarase con informe do traballador social do Concello onde resida o aspirante o con fotocopia da sentenza xudicial.**

**As persoas que non acrediten cumprir os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo, e ademais algunha das situacións anteriores non poderán ser nomeados e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade.**

#### QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde da Corporación no prazo de dous días deberá aprobar a listaxe provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do Concello [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal). Para que se presenten, de ser o caso, posibles reclamacións.

5.2.- Posteriormente, a Alcaldía da Corporación declarará aprobar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos publicándose, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora do comezo do primeiro exercicio. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación na sede electrónica do Concello [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal).

5.3.- Normas xerais no desenvolvemento do proceso de selección:

- Baixo ningunha circunstancia se facilitará información telefónica sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listas de admisión de aspirantes, cualificacións obtidas ou similares. O Concello unicamente facilitará datas de publicación de diarios e localización de documentos informativos no taboleiro de Edictos. Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo tribunal cualificador designado para o proceso selectivo.
- Os aspirantes serán convocados en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo Tribunal con absoluta liberdade de criterio, e deberán ir provistos de DNI. A non presentación dun aspirante ás probas no momento de ser chamados determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar no mesmo e quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.
- En relación á experiencia formativa considerarase unicamente válida a emitida por centros oficiais e/ou homologados.

#### SEXTA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema establecido nas bases específicas de cada praza.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase do proceso selectivo e ao estar contemplado no apartado 7 das BPIL que se valorará coma mérito o ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

e/ou financiados polas Administracións Públicas, haberá unha fase concurso que se determinara nas bases específicas de cada praza.

As bases específicas de convocatoria haberán de contemplar as probas selectivas que deberá superar o persoal aspirante, as cales poderán ser de carácter obrigatorio e eliminatorio, obrigatorio e non eliminatorio ou voluntario e non eliminatorio.

En todo caso, existirá un exercicio teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio sobre materias comúns, e un tamén obrigatorio e eliminatorio que deberá ter carácter práctico.

As probas irán dirixidas a determinar a aptitude e coñecementos do aspirante para o concreto desempeño da praza que se convoque. Neste sentido, as convocatorias poderán incluír os seguintes tipos de probas:

- A) As probas teóricas poderán adoptar calquera das seguintes modalidades:
- Exposición por escrito dun ou máis temas de carácter xeral, extraídos ó azar dos que integran o programa temario, e que, no seu desenvolvemento, poderá determinarse que o/a aspirante o poña en relación coas materias contidas no programa de que se trate, sen que teña que axustarse na súa exposición ó enunciado concreto do tema. No caso de que a proba se refira ás materias específicas, as bases poderán contemplar a posibilidade de que os/as aspirantes poidan realizar o exercicio con documentación ou bibliografía.
  - Exposición, por escrito ou oral, dun ou máis temas extraídos ó azar de entre as materias comúns e específicas contidas no programa, de acordo co que determinen as bases específicas e as convocatorias.
  - Contestación a un cuestionario, que poderá ser referido a cuestións concretas relacionadas co contido do programa (resposta curta), que poderá ser por escrito ou oral, ou adoptar a forma de cuestionario tipo test, sempre por escrito, con respostas alternativas. Nos dous casos, cuestionarios serán elaborados polo tribunal en sesión celebrada inmediatamente antes do inicio das probas. Nos cuestionarios con respostas alternativas, as respostas incorrectas non puntuarán negativamente (se as houbera).
- B) As probas prácticas determinaranse segundo a natureza e características das prazas, e poderán consistir na redacción de informes ou proxectos, solución de supostos prácticos, redacción de documentos administrativos, e outros de carácter análogo. Tamén poderán consistir na execución material de determinadas tarefas, tales como mecanografado, tratamento de textos, etc., e outras destinadas a comprobar a destreza no oficio dos aspirantes.

Nas bases de convocatoria ou nos anuncios de celebración das probas, determinarse os medios materiais cos que deberán acudir provistos os aspirantes para realizar as probas prácticas.

As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación.

A relación definitiva de aprobados, confeccionarase cos opositores que superaran todos os exercicios obrigatorios, e serán colocados por orde de puntuación, despois da suma da fase oposición e a fase de concurso. **Os aprobados que no obteñan praza se crea unha bolsa emprego que terá unha vixencia de tres anos segun o establecido na resolución nº 169/2018, de 24 de abril na que se establecen os**





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**criterios de funcionamento das distintas bolsas de emprego vixentes na actualidade no Concello de Ponteceso, que será de duración limitada a tres anos os efectos de cubrir algún posto por substitución, baixas, enfermidade ou por novas convocatorias.**

### **Proba de coñecemento do castelán para quen non posúan a nacionalidade española.**

Con carácter previo á realización das probas da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e da súa orixe non se desprenda o coñecemento do castelán deberán acreditar o coñecemento do mesmo mediante a realización de unha proba, na que se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no Real Decreto 1137/2002, de 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira, polo que se establecen diplomas acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira. A proba cualificarase de apto ou non apto, sendo necesario obter a valoración de apto ou apta para pasar a realizar as probas da fase de oposición.

O lugar e data da realización desta proba determinarase mediante resolución de Alcaldía. Quedan eximidos de realizar esta proba quen esten en posesión do diploma de español, nivel C2, coma lingua estranxeira, establecido polo no Real Decreto 1137/2002 ou do certificado de aptitude de español para estranxeiros expedido polas escolas Oficiais de Idiomas ou acrediten estar en posesión de unha titulación académica española expedida polo órgano oficial competente en territorio español.

### **SÉTIMA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O Tribunal cualificador, que se clasifica na categoría 2ª do Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, estará constituído por cinco membros nomeados polo Sr. Alcalde-Presidente.

A composición do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, onde se establece que o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e Secretario

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que se consideren pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas respectivas especialidades técnicas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas Bases e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos, conforme establece o artigo 24 da mesma norma.

A actuación do Tribunal haberá de axustarse estritamente ás Bases da Convocatoria.

### **OITAVA.- Relación de seleccionados e presentación de documentos-**

Rematada a cualificación e baremación de méritos dos aspirantes se determinará a orde de clasificación definitiva, efectuada a cal, o Presidente do Tribunal, tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas, publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, anuncio en que apareza o resultado final das probas, con expresión do nome e apelidos



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

dos aspirantes declarados aptos nas probas e por orde de clasificación con arranxo aos criterios de selección.

Elaborarase unha bolsa de traballo, segun o establecido na resolución nº 169/2018 na que se establecen os criterios de funcionamento das distintas bolsas de emprego vixentes na actualidade no Concello de Ponteceso coas persoas aprobadas restantes por orde de posición para os que será de duración limitada a presente obra o servizo os efectos de cubrir algún posto por substitución, baixas, enfermidade..etc.

De producirse empate en dita cualificación definitiva, este se dirimirá por aquel aspirante que acadase maior puntuación por “criterios sociais” nos requisitos sinalados no apartado h (destinatarios do programa segun o establecido no apartado 2.1 das BPIL) do punto terceiro das bases xerais, e de persistir por sorteo.

**Os aspirantes que finalmente sexan propostos para a cobertura dun posto están obrigados a presentar no rexistro de entrada do Concello, dentro do prazo de dous días hábiles seguintes aos do chamamento, os documentos necesarios que se lle requiran polo Concello para formalizar o contrato de traballo, así como os orixinais dos documentos presentados para o acceso ao proceso de selección e para a baremación de méritos.** Se dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, o aspirante proposto non presentase a súa documentación ou non reunise algún dos requisitos citados, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, non poderá ser contratado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte nas probas. Neste caso o Sr. Alcalde efectuará nomeamento a favor do aspirante que siga na orde de clasificación final ao proposto para posto de traballo a cubrir.

### **NOVENA. –INCIDENCIAS-**

Contra estas bases, a súa convocatoria e cantos actos se deriven destas da actuación do Tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos non considerados nestas bases, sendo en todo caso aplicable, para o no previsto na presente convocatoria a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo, que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que deben axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos civís da Administración Xeral do Estado e demais normas concordantes de xeral.





**CONCELLO DE PONTECESO**  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15



## ANEXO I INSTANCIA

D/D<sup>a</sup>.....  
D.N.I n<sup>o</sup>.....  
Domicilio.....  
C.P.....  
Localidade.....  
Teléfono.....  
E-mail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de (marcar cunha X):

**4 oficiais segunda albaneis, por un prazo de duración cinco meses dende a sinatura do contrato co a data limite de finalización do 31/12/2019, a xornada completa.**

**E declarado explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos necesarios de acceso da Base 2<sup>a</sup>, apartados d), e) e f) e autorizando ao Concello a utilización dos datos de carácter persoal para facer efectiva a publicidade das actuacións no proceso selectivo conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.**

Achégase para tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

Fotocopia do D.N.I.

Fotocopia do título acreditativo dos coñecementos de galego (indicar cal):



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

-----  
Fotocopia da Titulación (indicar cal):

-----  
Fotocopia do xustificante de ser demandante de emprego.

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI, e asina do/a aspirante:

**Ao Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO.**

ANEXO II

**MATERIAS COMÚNS EQUIVALENTE DE AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978: Dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno. Administración autonómica de Galicia.

TEMA 2.- O réxime local español: Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias.

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE CATRO OFICIAS 2º ALBANEIS DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2019.**

**PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto destas bases regular o procedemento para a selección de **4 oficiais segunda albaneis, por un prazo dende a sinatura do contrato, ata o 31.12.2019**, de entre traballadores desempregados, para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme ás Bases do Programa de Integración Laboral (BPIL) mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes, aprobadas pola Deputación Provincial de Coruña .

**SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

Deberá estar en posesión dos requisitos establecidos na Convocatoria e Bases xerais.

Requisitos de titulación: estar en posesión do título de formación profesional básica na área de coñecementos de obras e construción, acreditacións de competencias profesionais ou equivalente e/ou posuír a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina.

Estar en posesión do título CELGA II ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 6.

### TERCEIRA: CONVOCATORIA PARA AS PROBAS E PRESENTACIÓN DE MÉRITOS.

A instancia acompañarase dos documentos sinalados no apartado 4.2 das bases xerais, e unicamente as persoas que resulten aptas nas probas haberán de presentar **no prazo de dous días hábiles, a contar dende o mesmo día de publicación da listaxe, os documentos autenticados que acrediten cumprir algún dos requisitos esixidos na base 3.h) destas BASES XERAIS.** Os requisitos inescusablemente son os seguintes e xustificaranse como se establece a continuación:

- Mulleres ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. (Xa quedou xustificado coa presentación do DNI).
- Maiores de 45 anos. (Xa quedou xustificado coa presentación do DNI)
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior o 33%. **Acreditarse co recoñecemento da discapacidade por parte da Xunta de Galicia.**
- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental/monomarental e persoas con problemas para encontra emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. **Xustificarse con informe do traballador social do concello onde reside o aspirante.**
- Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (Xa quedou xustificado coa presentación do xustificante de ser demandante de emprego).
- Persoas vítimas de violencia de xénero. **Xustificarse co informe do traballador social do Concello onde reside o aspirante ou coa fotocopia da sentenza xudicial.**

### CUARTA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O proceso selectivo consistirá de dúas fases.

1.- Fase de oposición. Valorarase ata un máximo de 30 puntos.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar durante un período máximo de trinta minutos unha serie de preguntas curtas ou tipo test sobre o temario. Poderá ser oral ou escrito segundo o decida o tribunal cualificador. Puntuación máxima 10 puntos. O candidato que non acadara unha puntuación mínima ( 5 puntos) a metade da puntuación total asignada será eliminado do proceso selectivo.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: Realización de un suposto práctico relacionado coas materias obxecto do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 20 puntos. O candidato que non acadara unha puntuación mínima ( 10 puntos) a metade da puntuación total asignada será eliminado do proceso selectivo.

2.- Fase de concurso.

Na **fase de concurso**, o Tribunal examinará os méritos presentados polo aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

#### **FORMACIÓN: ata un máximo de 10 puntos.**

- Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas relacionados co posto de trabalo a desempeñar.....1 punto.
- Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas.....0,5 puntos.
- Por cada curso de prevención de riscos laborais..... 3 puntos.

#### **CRITERIOS SOCIAIS: ata un máximo de 10 puntos.**

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. **1 PUNTO.**
- Maiores de 45 anos. **1 PUNTO.**
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos coma demandantes de emprego. **1 PUNTO.**
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior o 33%. **1 PUNTO.**
- Persoas en situación de drogo dependencia. **1 PUNTO.**
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego. **1 PUNTO.**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

- Persoas que vivan nun fogar monoparental/monomarental. **1 PUNTO.**
- Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. **1 PUNTO.**
  - Persoas vítimas de violencia de xénero. **1 PUNTO.**
  - Persoas sen fogar. **1 PUNTO.**

**Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.**

Só valoraranse os méritos presentados por aquelas persoas que superen a fase de oposición.

### 3. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma da baremación dos méritos da fase oposición mas os obtidos no concurso.

**QUINTA: Acreditación do coñecemento do idioma galego.** Con carácter previo ao inicio das probas deberá acreditarse o coñecemento do idioma galego mediante o título CELGA II ou outros títulos oficiais equivalentes.

De non acreditarse farase unha proba de nivel unicamente aos aspirantes que superen o proceso selectivo, puntuándose coa cualificación de apto ou non apto, e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

### **SEXTA: PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.**

TEMA 1.- O municipio de Ponteceso: Poboación e termo municipal.

TEMA 2.- Organización municipal específica no Concello de Ponteceso: Pleno, Alcalde e Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde e Concelleiros delegados e Comisións do Pleno e outros órganos complementarios.

TEMA 3.- Interpretación de planos. Escalas, símbolos e cotas. Replanteo de obra

TEMA 4.- Materiais de construción I: áridos e pedras. Iesos, cales e escaiolas. Cementos. Ladrillos, prefabricados de formigón: bloques, vigas e viguetas, bordillos e adoquíns.

TEMA 5.- Materiais de construción II: Pavimentos e alicatados. Baldosas de terra cocida, mosaico hidráulico, gres, terrazo, azulexos. Tellas. Materias illantes. Materias impermeabilizantes.

TEMA 6.- Movementsos de terras e escavacións. Apeado ou estabilizado de terreos e construcións colidante. Acometidas de auga, gas e electricidade.

TEMA 7.- Redes horizontais de saneamento. Cimentacións, estruturas e cubertas. Armado de cimentacións e estruturas. Cubertas: clases. Escaleras interiores: clases e formas de trazado.

TEMA 8.- Cerramentos. Tipos de aparellos de ladrillo e bloque. Portas e ventás. Pilares e arcos. Enfoscados, guarnecidos, enlucidos e récevos.

TEMA 9.- Alicatados, chapados, embaldosados e solados industriais. Pavimentación e acerado de vías públicas: fases e técnicas aplicadas.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
www.ponteceso.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

TEMA 10.- Traballos auxiliares de construción: fontanería, electricidade, carpintería, pintura. Ferramentas, útiles e equipos básicos utilizados nos traballos de albanaría: enumeración, normas de uso e mantemento.

TEMA 11.- Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios do Servizo de Limpeza. Organización do servizo de limpeza.

TEMA 12.- Residuos I: Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Tratamento dos residuos sólidos urbanos. Reciclado. Xestión dos residuos sólidos urbanos.

TEMA 13.- Residuos II: Recollida. Tratamento. Transporte

TEMA 14.- Limpeza de espazos públicos, parques e xardíns. Limpeza de mobiliario urbano. Técnicas de limpeza. Outros aspectos da limpeza: coidado e mantemento de plantas e flores.

TEMA 15.- Principios básicos da Lei Orgánica 3/2007, de 22 marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 16.- Prevención de riscos laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Normas básicas de seguridade e saúde laboral. Equipos de protección colectiva e equipos de protección individual. Manipulación manual de cargas.

TEMA 17.- O persoal ao servizo da Administración Local. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos.





**CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: correo@ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**ANEXO I  
INSTANCIA**

D/D<sup>a</sup>.....  
D.N.I nº.....  
Domicilio.....  
C.P.....  
Localidade.....  
Teléfono.....  
E-mail.....

**EXPÓN:**

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de (marcar cunha X):

- 4 oficiais segunda albaneis, por un prazo de duración cinco meses dende a sinatura do contrato co a data limite de finalización do 31/12/2019, a xornada completa.**

**E declarado explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos necesarios de acceso da Base 2<sup>a</sup>, apartados d), e) e f) e autorizando ao Concello a utilización dos datos de carácter persoal para facer efectiva a publicidade das actuacións no proceso selectivo conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.**

Achégase para tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- Fotocopia do D.N.I.  
 Fotocopia do título acreditativo dos coñecementos de galego (indicar cal):  
-----  
 Fotocopia da Titulación (indicar cal):  
-----  
 Fotocopia do xustificante de ser demandante de emprego.

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI, e asina do/a aspirante: